



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

ACTIVIDADES DE OUTONO
2010

EXPOSICIÓN

A AVENTURA MODERNISTA NAS COLECCIÓN DO MUSEU NACIONAL D'ART DE CATALUNYA

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña, en colaboración coa Obra Social de Caixa Catalunya, Tarragona i Manresa e o Museu Nacional d'Art de Catalunya
Datas: setembro – decembro 2010

A exposición, integrada por oitenta pezas procedentes da colección do Museu Nacional d'Art de Catalunya, é un testemuña da singular importancia acadada polo Modernismo, non só en relación coa cultura catalá, senón tamén coa historia da arte e do deseño en xeral. Así, unha variada selección de pinturas, esculturas, debuxos e obxectos ornamentais, permitirá achegarnos á obra de artistas tan destacados como os arquitectos Gaudí ou Lluís Domènech i Montaner, os escultores Pablo Gargallo ou Joan Llimona, ou os pintores Santiago Rusiñol, Ramón Casas, Isidre Nonell ou Joaquín Mir, por citar algún exemplo.

CURSOS E CONFERENCIAS

OS TEMAS DA ARTE: A PRESENZA DA MULLER NA ARTE

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Colaboran: Asociación de Amigos do Museo e Deputación da Coruña
Datas: mércores, desde o 13 de outubro ao 22 de decembro
Horario: das 11.00 ás 12.00 h

O curso pretende achegarse a un colectivo adulto non especializado, pero si interesado, que busque obter unha formación básica, de forma amena e divertida, sobre a Historia da Arte, aínda que analizada a partir das distintas temáticas empregadas ao longo da historia.

Prazas limitadas con inscrición previa

CURSOS E CONFERENCIAS

A HISTORIA DA ARTE A TRAVÉS DOS MUSEOS

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Colaboran: Asociación de Amigos do Museo e Deputación da Coruña
Datas: martes, desde o 12 de outubro ao 21 de decembro
Horario: das 11.30 ás 12.30 h

O curso pretende achegarse a un colectivo adulto non especializado, pero si interesado, que busque obter unha formación básica, de forma amena e divertida, sobre a Historia da Arte e os fundamentos da pintura, da arquitectura e da escultura desde a Antigüidade ata a actualidade, utilizando como exemplos algunhas das obra pertencentes aos grandes museos e facendo especial fincapé na colección permanente do Museo de Belas Artes.

Prazas limitadas con inscrición previa

OBRADOIROS

OBRADOIROS DE GRAVADO

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Colaboran: Asociación de Amigos do Museo e Concello da Coruña
Público: adulto
Matrícula: 20,00 € (Amigos do Museo: 15,00 €)

Nos obradoiros desenvolveráanse os seguintes contidos: soportes ou matrices (DM, sintasol, contrachapado, etc.), instrumentos empregados (gubias, lixas, cepillos de arame, etc.), máquina de impresión (a prensa plana), a riqueza das texturas, vetas e roturas das distintas superficies, e o uso dunha ou máis tintas e de dúas ou máis matrices.

Prazas limitadas

Iniciación á xilografía

Datas: venres, do 1 de outubro ao 5 de novembro
Horario: das 16.30 ás 20.00 h
Dirección: Ali Ali Pintor e gravador. Fundación CIEC de Betanzos
Matrícula reservada a novos alumnos

Da estampa á serie

Datas: sábados, do 2 de outubro ao 6 de novembro
Horario: das 16.30 ás 20.00 h
Dirección: Anne Heyvaert Pintora e gravadora. Facultade de Belas Artes de Pontevedra e Fundación CIEC de Betanzos
Matrícula reservada a novos alumnos

A carpeta-libro de artista (iniciación)

Datas: venres, do 12 novembro ao 10 de decembro
Horario: das 16.30 ás 20.00 h
Dirección: Isabel Pintado Pintora, gravadora e licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid

Litografía sobre prancha de aluminio

Datas: sábados, do 15 de xaneiro ao 12 febreiro de 2011
Horario: das 10.30 ás 14.00 h
Dirección: Omar Kessel Pintor e gravador. Fundación CIEC de Betanzos

ACTIVIDADES XUVENÍS

OBRADOIROS DE GRAVADO CALCOGRÁFICO GOYA: RETRATOS E EXPRESIÓN

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Datas: xoves e venres, do 18 de outubro ao 21 de decembro
Horario: das 10.30 ás 12.00 h
Monitora: María Fernández Cabrera Massé

Destinado a alumnos de 4º curso de secundaria, e logo de cita co centro escolar, o obradoiro constituirá un complemento ideal para enriquecer a comprensión e o coñecemento dos gravados de Goya, como unha forma de combinar a teoría coa práctica, facendo así moito máis amena e orixinal a relación do estudante co museo e as súas coleccións. Deste modo, partindo da observación das célebres series do pintor aragonés, os rapaces realizarán os seus propios gravados a punta seca sobre metal e PVC.

Con inscrición previa

ACTIVIDADES XUVENÍS

ARTE URBANO ACHEGANDO O MUSEO AOS MOZOS

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Datas: sábados, 16, 23, 30 outubro e 6, 13, 20 novembro
Horario: das 17.30 ás 19.30 h
Monitor: Tonecho Otero

Trátase dun proxecto didáctico especialmente deseñado para un público adolescente e universitario. Concíbese como un proxecto aberto no que os propios mozos serán os que concreten o discurso final da actividade. Este ano propónse traballar arredor de distintos espazos da cidade e como se pode incidir no seu cambio por medio de distintas accións artísticas. Traballaremos con técnicas como o *graffiti* ou a *stencil-art*.

Con inscrición previa

ACTIVIDADES INFANTÍS

OBRADOIRO DE TEATRO O SÉCULO DE OURO ESPAÑOL

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Datas: sábados, do 2 de outubro ao 11 de decembro
Horario: das 10.30 ás 13.30 h
Idades: 7 a 12 anos
Monitora: Luisa Veira

Dirixido a nenos de 7 a 12 anos, que desenvolverán un traballo teatral mediante o xogo, os traballos manuais, a memorización de textos do Século de Ouro e a observación das pinturas barrocas da colección permanente do museo.

Prazas limitadas con inscrición previa

ACTIVIDADES EN FAMILIA

CONTACONTOS: OS CONTOS DE PABLÍSIMO

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Datas: sábados, 16, 30 de outubro e 6 e 20 de novembro
Horario: 18.30 h
Contador: Pablo Sánchez

Destinado a público familiar, con nenos de 4 a 10 anos. Na súa viaxe a través do museo, os visitantes deterán a súa ollada e darán renda solta á imaxinación en tres recunchos escollidos do museo, nos que atoparán unha escena composta por un músico e unha contadora que cobrarán vida ante o público para narrar algunha historia que tome como referencia algún cadro da colección permanente.

CONCERTOS

XII CICLO CONCERTOS DE OUTONO

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Sede: Salón de actos do museo
Horario: Todos os concertos celebraranse ás 12.30 h

Domingo, 14 de novembro
Diego Zecharias (contrabaixo)
Alicia Permuy (piano)

Domingo, 21 de novembro
Ensemble IULIUS XIII

Domingo, 28 de novembro
Giselle Grau (piano)

Domingo, 12 de decembro
Ramón Carnota (guitarra)

TEATRO

OS LIMÓNS CENTENARIO LUIS SEOANE

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña
Datas e horario: martes a venres, 23, 24, 25, 26 novembro ás 12.00 h, sábado 27 ás 18.30 h
Compañía: Galitooon

Esta obra nace como homenaxe a Luis Seoane, e está dirixida ao público infantil. A compañía Galitooon creou a historia dos limóns de dona Alicia, que os colleu, limpou e mimou como se foran tres bebés. Os tres limóns partiron cara América para atopar a Don Luis e traelo de volta a súa amada Galicia.

Días 23, 24, 25 e 26 con inscrición previa
Día 27 entrada libre ata completar a capacidade do local



Luis Seoane (1910-2010)
Pulpo 5 (pormenor de gravado)
Doazón de Maruxa Seoane

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA
Zalaeta s/n. 15002 A Coruña
T 981 223 723 F 981 223 769
mu.belas.artes.coruna@xunta.es
http://museobelasartescoruna.xunta.es

HORARIOS
Martes a venres: de 10.00 a 20.00 h
Sábado: de 10.00 h a 14.00 h,
de 16.30 h a 20.00 h
Domingo: de 10.00 h a 14.00 h
Luns e festivos: pechado

DEPARTAMENTO DIDÁCTICO
Visitas guiadas para escolares:
de martes a venres
Horario de 10.00 h a 13.00 h
(con solicitude previa)